EXERCICIOS DE AUTOAVALIACIÓN

1. En que se diferenza a fonética da fonoloxía?

2. Pode un fonema ter máis dun son?

3. Cales son as clases de fonemas segundo o modo de articulación?

4. A que fonemas corresponden as grafías subliñadas nas seguintes palabras: *medo, nova, ben, todo, cero, cousa, xato, taxi*.

5. Sinala os hiatos, os ditongos e os tritongos na seguinte secuencia. Clasifica os ditongos en crecentes e decrecentes: *Teño unha tía no Paraguai que cambia de residencia cada tres por catro. Vive nun ambiente que non lle é moi propicio, por iso se resente frecuentemente da saúde.*

6. Sinala os dígrafos da seguinte secuencia: *Unha rapaza tiña un carro co que carretaba as colleitas e os guerreiros de chumbo.* Fai a representación fonolóxica do fonema que representan.

7. Cando se escribe (c), cando (qu) e cando (z)? Cando se escribe (b) e cando (v)? Cando se escribe (r) e cando (rr)?

Solucións:

1. En que a fonética se ocupa do estudo dos sons, realidades materiais ou concretas, mentres que a fonoloxía se ocupa do estudo dos fonemas, realidades inmateriais ou abstractas. A fonética sitúase no plano da fala, en tanto que a fonoloxía se sitúa no plano da lingua.

2. Si. Un fonema pode ter máis dun son, pois ao ser o son a realización dun fonema, son moitas as circunstancias que poden afectar a esa realización. Así, por exemplo o fonema /b/ pode realizarse como oclusivo bilabial sonoro, ou pode realizarse fricativizado. Cando definimos un fonema temos que facelo optando por un dos sons, por iso puidera parecer que a cada fonema corresponde un son, pero non é así.

3. Tendo en conta os modos de articulación os fonemas poden ser: vogais (pechados, medios, abertos) e consonánticos (oclusivos, fricativos, africados, oronasais, laterais e vibrantes).

4. O (e) de *medo* representa un fonema vocálico medio-pechado, anterior; o (o) de *nova* representa un fonema vocálico, medio-aberto, posterior; o (e) de *ben* representa un fonema vocálico, medio-aberto, anterior; o (o) de todo representa un fonema vocálico medio-pechado, posterior; o (c) de *cero* representa un fonema consonántico, fricativo, interdental, xordo; o (c) de *cousa* representa un fonema consonántico, oclusivo, linguovelar, xordo; o (x) de *xato* representa un fonema consonántico, fricativo, linguopalatal, xordo, e o (x) de *taxi* representa un par de sons [ks]; un sería consonántico, oclusivo, linguovelar, xordo [k] e o outro sería consonántico, fricativo, linguoalveolar, xordo [s].

5. *Tía* (ía), hiato; *Paraguai*, (uai) tritongo; *cambia*, (ia) ditongo crecente; *residencia*, (ia) ditongo crecente; *ambiente*, (ie) ditongo crecente; *moi*, (oi) ditongo decrecente; *propicio*, (io) ditongo crecente; *frecuentemente*, (ue) ditongo crecente; *saúde*, (aú) hiato.

6.

Dígrafo	Representación fonolóxica do fonema
(nh) de *unha*	/ŋ/
(rr) de *carro, carretaba, guerreiros*	/ŕ/
(qu) de *que*	/k/
(ll) de *colleitas*	/λ/
(gu) de *guerreiros*	/g/
(ch) de *chumbo*	/ĉ/

7. Escríbese (c) cando queremos representar o fonema consonántico, fricativo, linguointerdental, xordo, ou o fonema consonántico, oclusivo, linguovelar, xordo; escríbese (qu) cando queremos representar o fonema consonántico, oclusivo, linguovelar, xordo diante de (e, i); escribimos (z) cando queremos representar o fonema consonántico, fricativo, linguointerdental, xordo diante de (a, o, u) e excepcionalmente diante de (e, i). Escribimos (b) para representar o fonema consonántico, oclusivo, bilabial, sonoro naquelas palabras que en latín tiñan a grafía (b) ou (-p-) intervocálico e escríbese (v) nas palabras que tiñan en latín (v) ou (u). Escribimos (r) para representar o fonema consonántico, vibrante, simple, linguoalveolar, sonoro, en posición intervocálica; tamén se escribe (r) para representar o fonema consonántico, vibrante, múltiple, linguoalveolar, sonoro, en posición inicial ou tras consoante; escríbese (rr) cando en posición intervocálica queremos representar o fonema vibrante, múltiple, longuoalveolar, sonoro.